



CONCELLO DE REDONDELA

ACTA DO CONSELLO PARROQUIAL DO VISO
XUNTANZA ORDINARIA 28 DE AGOSTO DE 2013

ORDE DO DÍA

- 1.- **Aprobación acta anterior**
- 2.- **Obras e investimentos realizados polo Concello nos últimos 3 meses no Viso**
- 3.- **Obras e investimentos a realizar polo Concello nos vindeiros 3 meses no Viso**
- 4.- **Comparecencia do Concelleiro de Vías e Obras para tratar o saneamento no Viso, arranxos de camiños, iluminación, solicitudes a ADIF, camiños no Viso, etc.**
- 5.- **Explicación sobre o espello na subida ao Loureiro**
- 6.- **Arranxo do campo de futbito da Gándara**
- 7.- **Explicacións sobre o funcionamento e custe do Conservatorio de Redondela**
- 8.- **Sinalización na contorna do colexio de Cesantes**
- 9.- **Renovación dos parques infantís de Saramagoso e Soutoxuste**
- 10.- **Reposición mobiliario urbano: espello do cruce da Peneda, paneis informativos**
- 11.- **Orzamentos participativos**
- 12.- **Adecantamentos do camiño Costa da Peneda e da entrada do Torreiro de Saramagoso**
- 13.- **Rebaixar e amañar rego no camiño Lomba**
- 14.- **Subministración de contedores de pilas**
- 15.- **Varios**

No antigo Preescolar do Viso, sendo as vinte horas e trinta minutos, do día vinte e oito de agosto de dous mil trece, previa convocatoria, reuníronse os/as seguintes integrantes:

- Leonardo Cabaleiro Couñago, representante do PS de G – PSOE
- Adelina Couñago Lara, representante do PP
- Anxo Lusquiños López, representante do BNG
- José Bernardo Crespo Abal, representante de AER
- Manuel Freire Collazo, representante das asociacións veciñais
- Ana Pazos Castellano, representante das asociacións veciñais
- Álvaro Cabaleiro Durán, representante das comunidades de montes
- Fernando Veiga Estévez, representante das comunidades de montes
- Xosé Covelo Míguez, representante das asociacións culturais
- Xosé Costas Carrera, representante das asociacións culturais
- Manuel Costas Pérez, representante das asociacións deportivas
- Alberto Couñago Castellano, representante das comunidades de augas



CONCELLO DE REDONDELA

Todos/as eles/as baixo a Presidencia, por delegación do Sr. Alcalde, de JESÚS CRESPO LÓPEZ, e asistidos/as de min, Elisa Vieites Piquenque, coa finalidade de celebrar a xuntanza do Consello Parroquial do Viso convocada para o día de hoxe.

INCIDENCIAS: Comparece o Concelleiro de Vías e Obras, Cándido Vilaboa Figueroa.

Pola Presidencia, declarouse aberta a sesión, pasándose a tratar a Orde do Día.

1.- Aprobación da acta anterior

Sométese a votación a acta do Consello Parroquial de data 18.04.2013. Leonardo Cabaleiro Couñago indica as seguintes correccións nas súas intervencións:

Onde dicía: "Leonardo Cabaleiro Couñago pregunta cal é a Concellería que leva este asunto dos paneis", debe dicir: "Leonardo Cabaleiro Couñago pregunta con cargo a que Concellería vai o gasto dos paneis."

Onde dicía: "Leonardo Cabaleiro Couñago di que onde se sube para a Nogueiriña hai un tubo e parece auga de manantial, solicita que se se trata de auga de manantial se faga unha fonte", debe dicir: "Leonardo Cabaleiro Couñago di que onde se sube para a Nogueiriña hai un tubo e parece auga de manantial, solicita que se se trata de auga de manantial se faga unha fonte e catalogala como fonte municipal."

Realizadas as correccións indicadas apróbase a acta coa maioría das/os membros presentes, coa abstención de Manuel Costas Pérez por non ter asistido á xuntanza anterior.

2.- Obras e investimentos realizados polo Concello nos últimos 3 meses no Viso

Xosé Covelo Míguez pide ao Presidente que explique o funcionamento do Consello Parroquial, xa que é a primeira vez que asiste público e non saben o seu funcionamento.

O Presidente informa que o Consello Parroquial é un órgano consultivo no que se tratan temas que afectan á parroquia e se fan propostas para que se desenvolvan eses asuntos. As asociacións reúnense antes de ter a xuntanza e



CONCELLO DE REDONDELA

acordan uns asuntos que se comunican ao Departamento de Participación Cidadá e inclúense na orde do día.

Para este Consello Parroquial solicitouse a comparecencia do Concelleiro de Vías e Obras e que aproveitando a súa presenza informará dos puntos 2, 3, 4 12 e 13 da orde do día, xa que lle competen á súa concellaría. As comparecencias das/os concelleiras/os deberían ser para temas puntuais e urxentes non para tratar temas ordinarios do propio Consello Parroquial, motivo polo que xa está o Presidente.

Xosé Covelo Míguez di que esta solicitude xa se acordara no Consello anterior *e mesmo o presidente deste foro estaba totalmente de acordo, animando a solicitar esa comparecencia. Non entende a incongruencia declarada co comentario realizado.*

Manuel Freire Collazo dí que é a primeira vez que se solicita a comparecencia do Concelleiro de Vías e Obras e hai un asunto de moita urxencia que é o buraco na estrada. Agora que empeza o colexio vai pasar o autobús todos os días e supón un perigo, xa que debe haber algo que escarba e leva os recheos que se bota.

Leonardo Cabaleiro Couñago di que outro tema urxente é o do muro na Nogueira.

Alberto Couñago Castellano di que o Consello Parroquial debe servir para dar solucións aos problemas que se veñen traíndo sempre ao Consello Parroquial e non se resolven.

O Presidente di que hai cousas que xa se fixeron e outras que se irán facendo á medida que se poida, porque ademais xorden asuntos urxentes aos que hai que atender.

Cándido Vilaboa Figueroa, Concelleiro de Vías e Obras pide ás/aos membros do Consello Parroquial que pregunten polas obras das que teñan preocupación.

Leonardo Cabaleiro Couñago di que no camiño da Nogueira hai un muro caído e que habería que arranxalo e para evitar situacións de perigo. Cándido Vilaboa Figueroa informa que xa se contactou cun contratista e hai que recompoñer o muro e facer un rego e mais colocar unha arqueta.

Xosé Covelo Míguez considera que o Concelleiro de Vías e Obras ten que vir ao Consello Parroquial e o propio Regulamento así o contempla en caso de realizarse a oportuna petición.



CONCELLO DE REDONDELA

Adelina Couñago Lara pregunta se o muro é de propiedade ou da estrada. Cándido Vilaboa Figueroa di que é da estrada, o problema e que se fixo o saneamento e tronzou a capa asfáltica do terreo e leva o muro.

Ana Pazos Castellano di que o saneamento perde.

Xosé Covelo Míguez pregunta polo prazo de execución da obra.

Manuel Freire Collazo di que o buraco da estrada faise cada pouco, debe haber algo que leva todo o que se lle mete. Cándido di que foi cos técnicos de Aqualia e se compactou e asfaltou o camiño, pero que aínda vai baixando, non se apreza ningunha perda de auga e que podería ser a traída veciñal.

Manuel Freire Collazo di que a traída é a xeral non a da veciñanza que está máis arriba. Cándido Vilaboa Figueroa di que hai que esperar a que o terreo acabe de ceder para volver a arranxalo.

Alberto Couñago Castellano di que na Nogueira hai un camiño que da ao monte e no inverno é un río. Cándido Vilaboa Figueroa di que se fixo un corte e as comunidades de montes teñen que facer tamén os cortes, xa que é no seu terreo.

Xosé Covelo Míguez di que se aprobou no Consello Parroquial facer o corte transversal do camiño para aliviar a auga. Cándido Vilaboa Figueroa di que se fixo un corte porque entraba auga na casa dun particular.

Xosé Covelo Míguez di que se solicitou un cronograma das obras a realizar e que se informou que dependía da aprobación dos orzamentos e que quería saber cando se van a arranxar os camiños de Casal do Viso, Nogueiriña, Baldramón e Val do Muíño, así como darlle solución ao problema de Soutoxuste, xa que as/os veciñas/os non se poden conectar ao saneamento.

Cándido Vilaboa Figueroa informa que o problema de Soutoxusto xa está arranxado, o colector xa funciona e a veciñanza para conectarse ten que ir a Aqualia.

Manuel Freire Collazo pregunta dende cando está arranxado.

Cándido Vilaboa Figueroa di que dende hai aproximadamente dous meses. O proxecto para arranxar a Nogueiriña estase a poñer en marcha, pero aínda non ten data da execución das obras. O proxecto de Saramagoso está en marcha. Trátase dun camiño cunha poza.

Leonardo Cabaleiro Couñago pregunta onde vai verter. Cándido Vilaboa Figueroa informa que verterá en Arcade.



CONCELLO DE REDONDELA

Leonardo Cabaleiro Couñago pregunta cal é a compensación e en que se van a gastar os 200.000 euros da transferencia de crédito que se fixo para obras. Cándido Vilaboa Figueroa informa que se vai facer un convenio co Concello de Soutomaior e os 200.000 euros vanse empregar no saneamento de 5 parroquias.

José Bernardo Crespo Abal di que as obras teñen que ir a Pleno para a súa aprobación, que foi unha condición para a aprobación dos orzamentos.

Xosé Covelo Míguez pregunta se se van a poñer puntos de luz na Nogueiriña e no camiño que vai dar ao cemiterio. Cándido Vilaboa Figueroa di que o investimento no Viso para este ano xa se esgotou.

Manuel Freire Collazo di que o Alcalde se comprometera a deixar todo o saneamento feito no Viso e non vai ser así. Cándido Vilaboa Figueroa di que se cría que o saneamento no Viso estaba ao 90%, pero a realidade non era así e se irá facendo na medida que se poida, porque tamén hai outras parroquias que non o teñen.

Xosé Covelo Míguez pregunta se ao camiño de Baldramón se vai a arranxar. Cándido Vilaboa Figueroa di que o mellor sería ir a miralo para ver se é camiño de servidumbre ou que tipo de camiño é. Acórdase hora e día para visitar a zona cun membro do Consello Parroquial.

Xosé Covelo Míguez pregunta polas solicitudes que se fixeron a Fomento, Deputación e ADIF. Cándido Vilaboa Figueroa informa que ADIF fixo unha obra grande de muro de protección e comunicou que os camiños de arriba son do Concello e eles só limpan o talude.

12.- Adecentamentos do camiño Costa da Peneda e da entrada do Torreiro de Saramagoso

Xosé Covelo Míguez informa que se fixo unha proposta de Saramagoso. Fernando Veiga Estévez di que habería que asfaltar o que vai ao Centro Cultural. Cándido Vilaboa Figueroa di que meterase nun plan que se podería incluír para o 2014.

Xosé Covelo Míguez di que habería que recortar un pouco o valado onde está a marquesiña para favorecer a entrada no torreiro de Saramagoso de vehículos de gran tamaño. *Comenta que esta é unha petición da representante da veciñal de Saramagoso que traslada ao consello pois ela non se atopa presente.*

13.- Rebaixar e amañar rego no camiño da Lomba



CONCELLO DE REDONDELA

Anxo Lusquiños López di que o camiño da Lomba di que habería que rebaixar o camiño da Lomba porque os coches tropezan e habería que facer un tramo de rego. Cándido Vilaboa Figueroa di que chegou a un acordo coa veciñanza e facilita o material e eles fan a obra.

Anxo Lusquiños López di que esa *posición* é de hai máis de corenta anos e que debería ser o Concello o que fixera a obra. A veciñanza de Redondela non traballa para reformar a praza, é o Concello o que fai o traballo.

Cándido Vilaboa Figueroa di que o camiño é de regadío e é obriga dos regantes mantelo.

Anxo Lusquiños López di que non é un camiño de rego. Cándido Vilaboa Figueroa di que hai unha poza. Anxo Lusquiños López di que a auga que vai polo camiño non é da poza.

Xosé Covelo Míguez propón que se fagan as obras do camiño da Lomba. A proposta é aprobada por unanimidade das/os membros presentes.

Manuel Freire Collazo pregunta polo terreo que expropiou ADIF porque as xestas están tan altas que non se ven os cables da luz e se hai un incendio afectaría á luz e mais as vivendas. Cándido Vilaboa Figueroa informa que se enviarán os escritos a ADIF para reclamarlle a limpeza do terreo.

Manuel Freire Collazo di que ao lado do terreo hai unha rego cunha poza e ADIF comprometeuse a asfaltalo a cambio de que o Concello contribuíra. Cándido Vilaboa Figueroa di que ese acordo debeu ser coa empresa que fixo a obra, que aínda está sen recepcionar.

Xosé Covelo Míguez pregunta polo alumeado na estrada nacional en Soutoxuste e polos pasos de peóns elevados e sinalización vertical da contorna do colexio de Cesantes porque non hai avances e pola colocación dun espello no cruce da Peneda. O Presidente informa que cando a Deputación envíe as máquinas faranse as beirarrúas. Cándido Vilaboa Figueroa di que ese espello está arranxado.

Anxo Lusquiños López pregunta polos paneis informativos. Cándido Vilaboa Figueroa informa que se van a comprar máis.

3.- Obras e investimentos a realizar polo Concello nos vindeiros tres meses no Viso



CONCELLO DE REDONDELA

4.- Comparecencia do Concelleiro de Vías e obras para tratar o saneamento no Viso, arranxos de camiños, iluminación, solicitudes a ADIF, camiños no Viso, etc.

Cándido Vilaboa Figueroa informa que se meteu unha tubería fronte ao parque infantil. Fíxose unha reparación dun camiño na estrada da Gándara porque era algo urxente, xa que lle entraba na casa a un veciño.

Álvaro Cabaleiro Durán pregunta se se vai a asfaltar o camiño xunto o campo de fútbol. Cándido Vilaboa Figueroa di que se lle vai botar zahorra e logo asfalto. Tamén se limpará ao redor do camiño do Loureiro. No camiño da Lomba vaise facer unha comunicación dun camiño con outro, a veciñanza fará o traballo e o Concello facilita os materiais.

Xosé Covelo Míguez pregunta se está contemplado a negociación para abrir o camiño de Turil ata Baldramón. Cándido Vilaboa Figueroa informa que as negociacións teríannas que facer a veciñanza.

Xosé Covelo Míguez di que respecto ao campo de fútbol da Gándara o centro de Redondela está cuberto cun importante campo de fútbol na vila, o sur do Concello tamén e o norte está totalmente abandonado. Pregúntase que intencións hai para ese campo de fútbol e que o clube deportivo Cesantes e a Comunidade de Montes do Viso están en sintonía para que se reforme integralmente o campo.

Anxo Lusquiños López di que se invisten 280 millóns no campo do Choco no centro de Redondela e que o único que se consegue e que haxa cidadáns de primeira e de segunda. O campo de fútbol no Viso non está en condicións para o seu uso, por iso as/os rapazas/ces non poden xogar e as familias levan fóra da parroquia ás/aos súas/seus fillas/os.

Ás 22.00 horas auséntase o Concelleiro de Vías e Obras.

5.- Explicación sobre o espello na subida ao Loureiro

O Presidente di que lle parece increíble que se lle dera tanta importancia ao asunto con notas de prensa e na televisión, incluso tachándoo de mentireiro pola colocación dun espello.

José Bernardo Crespo Abal informa que o grupo AER solicitou copia do informe da policía local e éstos informaron que non existía ningunha petición de informe sobre o espello.

O Presidente di que existe un informe da Policía Local e móstrao ás/os membros do Consello Parroquial.



CONCELLO DE REDONDELA

Manuel Freire Collazo di que hai contradicións.

Anxo Lusquiños López di que o 16 de maio meteuse por rexistro unha solicitude de celebración de Consello urgente e se lle deu bombo porque xa houbo dos accidentes.

O Presidente informa que para convocar un consello parroquial extraordinario é necesario que o soliciten un terzo das/os membros do Consello parroquial e non só o BNG. Colocáronse espellos na parroquia de acordo cos informes da Policía.

Xosé Covelo Míguez pregunta se o espello que non se pode colocar é o da curva ou o do cruce.

Anxo Lusquiños López di que o Presidente dixera que coñecía o lugar de colocación do espello.

Fernando Veiga Estévez pregunta onde é o lugar da colocación do espello.

Manuel Freire Collazo pregunta se para a colocación de todos os espellos é necesario informe da Policía Local. O Presidente infórmalle que sí.

O Presidente di que nas actas figura espello no cruce, que foi algo que se nos pasou a todos. O informe que fixo a Policía Local foi para o cruce e di que non é necesario. Cando se descobre que o espello é para a curva e non para o cruce, vólveselle a pregunta ao Xefe da Policía Local, éste di que no cruce non é necesario porque hai visibilidade e na curva é imposible porque pode ser ata perigoso. Non se pode colocar un espello nunha curva, xa que pode levar á distracción do/a condutor/a. Nese lugar habería que colocar outras medidas.

Anxo Lusquiños López di que o problema na curva é de visibilidade e non de velocidade e propón que como non existe informe sobre o espello da curva que se coloque porque resulta máis perigoso que éste non estea. Tamén solicita a dimisión do Presidente do Consello Parroquial do Viso por traer falsedades ao Consello Parroquial.

Manuel Freire Collazo pide que conste que non é o Consello Parroquial o que pide a dimisión do Presidente, só o BNG.

6.- Arranxo do campo de futbito da Gándara

O Presidente informe que o Campo non figura como ben municipal e mostra o plano dos servizos urbanísticos.



CONCELLO DE REDONDELA

Xosé Covelo Míguez di que no ano 1980 houbo unha clasificación dos montes e a zona do campo non figura como titular a Comunidade de Montes.

O Presidente di que para arranxala ten que ser de titularidade municipal.

Manuel Freire Collazo pregunta se o parque infantil é de titularidade municipal. O Presidente respóstalle que si.

Anxo Lusquiños López di que a colocación da rede aprobárase nun Consello Parroquial e resulta algo prioritario. O Presidente di que non habería problema na colocación da rede.

7.- Explicacións sobre o funcionamento e custe do Conservatorio de Redondela

O Presidente fai entrega da ordenanza que regula o Conservatorio cos custes do servizo.

Anxo Lusquiños López di que as taxas do conservatorio de Redondela triplican ao da Xunta.

8.- Sinalización na contorna do colexio de Cesantes

O Presidente informa que se fixo a primeira fase e farase a segunda cos pasos elevados cando envíen as máquinas da Deputación.

Manuel Freire Collazo pregunta se se contactou coas persoas propietarias dos terreos de abaixo e se hai algunha zona expropiada.

O Presidente informa que se falou con propietarias/os e parece que hai boa vontade e poderíase abordar a obra cos orzamentos participativos. Contactou telefonicamente coa Deputación e informaron que había unha parte expropiada.

Xosé Covelo Míguez propón que se solicite á Deputación a comunicación da zona expropiada e se realicen actuacións nesa zona. A proposta queda aprobada por unanimidade das/os membros presentes.

9.- Renovación dos parques infantís de Saramagoso e Soutoxuste



CONCELLO DE REDONDELA

O Presidente informa que o de Saramagoso está arranxado e o de Soutoxuste tratarase de meter nos orzamentos de 2014.

Xosé Covelo Míguez informa que no parque de Saramagoso hai area só nos elementos e pregunta se cumpre coa lexislación vixente ao non ter toda a superficie cuberta de area. Pide que se revise este tema xa que a obra está recente.

10.- Reposición mobiliario urbano: espello do cruce da Peneda, paneis informativos

Xa se tratou con anterioridade.

11.- Orzamentos participativos

O Presidente informa que se vai facer un Consello extraordinario en setembro.

14.- Subministración de contedores de pilas

O Presidente informa que o Concellería de Medio Ambiente vai implantar un servizo de recollida de pilas mediante un convenio coa Xunta de Galicia co que se cubriría o servizo na parroquia.

15.- Varios

Anxo Lusquiños López aprobouse unha proposta sobre as ludotecas e fixéronse as de verán sen ter en conta o acordo, entón cal é o valor que teñen os acordos que se toman no Consello parroquial. Solicita saber os criterios que se seguiron na organización das ludotecas.

O Presidente di que os acordos do Consello parroquial son propostas que ás veces se seguen e outras non.

Anxo Lusquiños López informa que na relación das análises das fontes figura a fonte do Loureiro como non potable. Esta non é unha fonte senon un tubo da traída da comunidade de augas. Non Concello informáronlle que para retirar o cartel de auga non potable a comunidade de augas debía facer unha análise e levar os resultados ao Concello. Esta non parece unha medida lóxica.

Asemade informa de que os postes do camiño do Loureiro continúan alí e ninguén os foi a recoller.



CONCELLO DE REDONDELA

Manuel Freire Collazo pregunta se se van a traer máis paneis informativos ao Viso porque na Nogueiriña fai falta un. O Presidente di que si.

Álvaro Cabaleiro Durán pregunta se a empresa Iberbanda está obrigada a dar o servizo de internet. O Presidente informa que só se na vivenda se acada un 75% de cobertura.

Xosé Covelo Míguez di que no parque da Gándara hai un elemento que ten unha pedra debaixo que podería ser perigosa para as/os nenas/os, polo que solicita a súa retirada.

Manuel Costas Pérez pregunta se na fonte de auga con pulsador que está cerca do campo se podería prolongar e poñer unha billa no campo.

Manuel Freire Collazo di que pertence á comunidade de augas e debería solicitarlo.

Anxo Lusquiños López di que como membro da comunidade comprométese a levar o tema á asemblea.

Fernando Veiga Estévez pregunta se se ten noticia do 1% do AVE. O Presidente informa que aínda non.

Fernando Veiga Estévez informa que a fonte da nogueiriña xa está feita e poderíase mandar analizar e poñer no inventario municipal.

E, non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levantouse a sesión, sendo as vinte e tres horas e trinta e cinco minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que se estende a presente ACTA, da que, como Secretaria do Consello, DOU FE.

Aprobada definitivamente no Consello parroquial do día 10/04/2014.

This document was created with Win2PDF available at <http://www.daneprairie.com>.
The unregistered version of Win2PDF is for evaluation or non-commercial use only.